

Asunción Sáenz- Díez Vázquez

“Un caso particular é a sanción/suspensión de emprego e soldo sufrida por Xosé García Vidal, Pepe da Braña, letrado da Deputación de Pontevedra. O seu delito foi declarar a favor de Bóveda no consello de guerra. Segundo o testemuño da súa viúva á saída do consello de guerra un amigo recomendoulle encarecidamente que marchara para o Carballado: ‘Pero non para a Braña, ¡Vai para a casa do cura!’. Todos os cotabadeses lle agradecemos aquela mostra de valor en tempos tan difíciles”. (Fragmento do libro *Terra de Cotobade*, José Fortes e outros)

A muller que relatou o testemuño recollido en *Terra de Cotobade*¹ chamábase María Asunción Sáenz-Díez Vázquez. Como é lóxico, naqueles tempos convulsos que seguiron ao golpe de Estado, dáballe medo que o seu home declarase en favor de Alexandre Bóveda no consello de guerra celebrado o 13 de agosto de 1936, e de feito estaba agardando por el nun coche na porta da Deputación para marchar de Pontevedra nada máis saíse de declarar; mais, durante toda a vida, transmitiulle á súa familia o loable do xesto de José García Vidal.

“Na casa dábaselle moito valor porque el puido escoller. Ao que van buscar para matar non pode... A ti mátante e ti non elixes. É unha desgraza, un horror, pero non podes escoller. O meu avó si e decidiu tomar o que considerou o camiño correcto, o máis duro, a pesar das consecuencias... e as consecuencias foron saír escopeteado de aquí”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

O camiño escollido polo avogado, naquel momento asesor xurídico da Deputación de Pontevedra, foi prestar declaración en favor do seu amigo Alexandre Bóveda, co que traballara man a man na preparación do Estatuto de Autonomía

1 # O testemuño foi recollido polo investigador Serafín Portela.



de Galicia, entregado ao presidente das Cortes tres días antes do golpe militar: o 15 de xullo de 1936. Para a súa familia, o relevante non era a identidade do reo senón a decisión de arriscar, mesmo a vida, polo que consideraba xusto:

“Na casa dábaselle o mérito, non polo feito de declarar en favor de Alexandre Bóveda, senón pola decisión que tomou, pola integridade do seu carácter. O mérito que tivo escoller o camiño máis complicado. Tivo un mérito terrible. Parece que citaran outras persoas que non se presentaron. Aquel momento era terrible, moi complicado. E declarabas diante dun tribunal militar! Porque xa te incomoda un tribunal normal pero un tribunal militar, era moi duro...”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Pode que aínda fose máis meritorio o feito de que o fixera sen ser unha persoa de esquerdas e nin sequera afín ao réxime republicano:

“Era un home de dereitas, participou no estatuto pero desde un punto de vista da dereita. Era membro de Labor Gallega. Eu penso que nin sequera era republicano; eu xuraría que era monárquico, pero dá igual. Era amigo de Bóveda e declarou porque tiña un carácter íntegro. E era un home moi intelixente, cunha cabeza privilexiada”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

En efecto, García Vidal era unha persoa afín ao nacionalismo de dereitas. Presidente do *Foro Gallego* e a *Revista de Galicia*, participaba na redacción de *Labor Gallega*, publicación vinculada a *Acción Gallega*. Na páxina web da Deputación de Pontevedra recóllese que estaba vinculado ao catolicismo e ao conservadurismo e que entrou a traballar como asesor no mandato de Daniel de la Sota, durante a Ditadura de Primo de Rivera. Participou na fundación da Misión Biolóxica e da Caixa de Aforros. E era, sobre todo, un grande amante de Pontevedra:

“El era moi de Pontevedra, moi galego. Antes de 1936 marcharan a Madrid, por un tema laboral. Estiveron tres anos alí e a el chamábanlle Terruño porque tiña unha morriña terrible, así que acabaron por vir para acá. Viñeron para Pontevedra escopeteados porque el non aguantaba. A miña avoa adaptábase ben, era máis sociable. Era modernísima para a súa época, modernísima. Moi botada para adiante, moi sociable, moi simpática e moi intelixente, gustáballe máis Madrid, pero a el non”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

A familia de García Vidal explica que estivo moi en contacto coa órbita nacionalista, principalmente con Castelao, pero que se afastaron por diferenzas políticas, probablemente pola decisión do Partido Galeguista de integrarse na Fronte Popular. Xa na III Asemblea, celebrada en xaneiro de 1934, apróbase unha alianza estratéxica con republicanos e socialistas, ratificada na IV, o 21 de abril de 1935, coa oposición de galeguistas como Ramón Otero Pedrayo. O desenlace foi unha escisión do sector máis á dereita, que funda Dereita Galeguista, con Vicente Risco como líder. Segundo o libro de Modesto Barcia Lago sobre o expediente de responsabilidades políticas de Castelao², García Vidal era militante.

2 “Castelao, expediente de responsabilidades políticas, estudio introductorio: O colexio de avogados de Pontevedra no decurso histórico do galeguismo” (Colexio de Avogados de Pontevedra, 2000).



“El con quen máis relación tivo foi con Castelao, ata que tiveron un distanciamento político. Había na casa fotos con Teresa, a irmá de Castelao, e dalgunha excursión que fixeran con Virginia³, pero arderon porque á miña avoa ardeulle a casa, que estaba na Praza da Ferraría”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Nese incendio, ocorrido na vivenda dos García Sáenz-Díez cando Asunción xa era viúva, perdéronse documentos imposibles de substituír, algúns dos cales amosaban unha relación estreita con líderes da dereita galeguista como o propio Otero Pedrayo. A casa estaba situada na Praza da Ferraría, no inmoble que na actualidade acolle no baixo a cafetería San Francisco:

“A casa enteira era dela. Ela vivía no primeiro. Houbo un incendio porque, sendo xa maior, deixou unha estufa acendida no cuarto de estar. Marchou e ardeu todo. Queimáronse libros, fotos, mobles, cartas moi bonitas: ela tivo bastante relación epistolar con Otero Pedrayo, que era amigo do avó. Foron cousas irrecuperables que eran importantes”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Do seu sentir nacionalista non renegou García Vidal nin cando declarou diante do tribunal militar e a preguntas do fiscal, que fora alumno seu durante a súa etapa como Catedrático de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago de Compostela, recoñeceu que apoiaba o texto que, por outra banda, axudara a redactar. O libro Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda, escrito por Xerardo Álvarez Gallego, irmán da esposa de Bóveda, Amalia Álvarez, faise eco desa declaración, que reflicte moi ben ese carácter íntegro que a súa neta achaca a García Vidal⁴:

“O fiscal, Rivero de Aguilar, fora alumno seu porque el dera clases na Universidade de Santiago, clases de Dereito Administrativo, antes de afincarse en Pontevedra”.

“Aínda faltaba unha testemuña da defensa: don Xosé García Vidal, ex catedrático de Dereito Administrativo, avogado da Deputación Provincial, persoa de todo creto profesional e moral na provincia e fóra dela.

Comparecía citado pola defensa, como tamén o fora o profesor Filgueira Valverde, que non se dignou comparecer.

O defensor preguntoulle:

-Se le ha citado a usted, doctor García Vidal, por ser fama que intervino en las bases de programación del Partido Galleguista. ¿Es eso verdad?

-Efectivamente. Se me requirió para asesor de la Comisión Redactora del Programa, como miembro de la entidad cultural apolítica “Labor Gallega” a fin de ayudar a la confección de la declaración de principios y del programa de acción de dicho Partido, en cuanto hiciese relación a las aspiraciones autonómicas de Galicia.

3 Virxinia Pereira, esposa de Castelao.

4 É importante subliñar que o libro non recolle unha transcripción do xuízo senón apuntamentos que durante a vista recolleron familiares de Alexandre e que, polo tanto, poden non ser textuais.



- ¿Pero usted no es “separatista”, señor García Vidal?

- No, señor. Ni separatista, ni siquiera galleguista, en el sentido partidario.

-Sin embargo, usted no puede ignorar que a los tales principios y programas se les ha tildado de separatistas, así como al señor Bóveda, que fue uno de los redactores.

-No lo ignoro; pero lo rechazo. No creo que el señor Bóveda, a quien tengo la honra de tratar hace años, sea separatista y, desde luego, afirmo que no lo es ni el programa ni lo son los estatutos del Partido Galleguista. Se trata de unas bases que han venido siendo formuladas desde hace mucho tiempo por estimarse aplicables al derecho de Galicia y a unos anhelos que se han cumplido, por disposiciones legales, en otros países del extranjero y que en Galicia vienen siendo formuladas a partir del profesor universitario don Alfredo Brañas, por otros juristas, desde hace muchos años, e incluso hechas públicas durante la monarquía.

O fiscal interrompeu, zaramalleiro:

-Señor García Vidal: yo respeto mucho sus opiniones técnicas, puesto que no puedo olvidar que el ilustre testigo compareciente fue mi profesor en la Universidad de Santiago de Compostela. Sin embargo, yo me atrevería a preguntarle si además de visos de separatismo, no los tiene de comunismo el citado programa del Partido Galleguista. Invito al ilustre testigo a referirse concretamente, por ejemplo, al tercer punto de dicho programa, en el cual se predica el reparto de tierras.

-En cuanto al primer extremo ya he contestado lo suficiente al defensor. Por lo que se refiere al segundo, diré al fiscal que allí se dice, a mi recordar, que “el Trabajo, con letra mayúscula, debe ser para la Tierra” también con letra mayúscula. Con ello quiso expresarse, a mi juicio, que el que trabajara la tierra gallega rendiría su esfuerzo a Galicia y Galicia se beneficiaría de los trabajadores de su tierra. Y ya, en vías de esclarecimiento, debo añadir también, según mi memoria, que dicho precepto no fue redactado por el señor Bóveda, ni por mí, sino por un testigo que no ha comparecido. A mi entender se trata de un principio expresivo de un anhelo de nacionalización del trabajo y de antiemigración. Un sorites para decirlo en figura de dicción.

-Muy técnica la respuesta, señor García Vidal. Lo felicito. Pero el Tribunal, por lo menos, la estimará poco convincente para los efectos del juicio y de la indudable filiación separatista y comunista del procesado Bóveda. Mas al alabar la formulación del testigo, me interesaría saber, y creo que también al Tribunal, cual es su opinión sobre el Estatuto Gallego, en gran parte, sino en toda, fraguado sobre el programa del Partido Galleguista.

-Para nada he intervenido en la elaboración ni en la constitucionalización del Estatuto. Más habiéndolo leído y meditado sobre él, tampoco rehuyo dar la opinión a que me requiere el señor fiscal. No tengo inconveniente en decir, que salvo en alguna cuestión técnico-financiera, soy partidario de ese cuerpo legal tal como se ha publicado.

Volveu o fiscal:

-Alabo la franqueza del testigo. Pero permítame preguntarle: ¿No ejerce el testigo la abogacía de la Diputación de Pontevedra?



-Sí, señor, y a toda honra.

-¿Y como estima compatible, por tanto, esa adhesión tan entusiasta al Estatuto Gallego, desintegrador de la sagrada unidad nacional, sabiendo que si él hubiera llegado a regir, las Diputaciones Provinciales y, desde luego su cargo y jugoso sueldo en la Diputación de Pontevedra, desaparecerían? ¿O también eso lo estima un sorites⁵ mi ilustre ex profesor?

Moi dignamente e sen alterarse -cousa que polo visto perseguía o fiscalíño- o doutor García Vidal, segundo as notas que mandei tomar da sesión, contestou:

-Yo no tengo la culpa de que el señor fiscal parezca ignorar lo que es un sorites y se refiera a él de manera irónica. Desde luego, le aseguro que no se trata de ninguna expresión separatista ni comunista... Mas, contestando de modo ceñido a la pregunta de mi distinguido ex alumno, debo decirle que el anteproyecto, o ya proyecto estatutista⁶, a tenor de su artículo 36, establece que el personal afectado a los servicios de todas clases en la región será respetado en cuantos derechos tenga adquiridos en la fecha en que el Estatuto se promulgare. Eso aparte de que si me conoce, efectivamente, el señor fiscal debe saber que yo jamás supeditaría a un sueldo, no tan jugoso como él supone, el mayor bienestar de mi tierra gallega.

-Muy bien, profesor García Vidal. No me queda sinó felicitarlo de nuevo y lamentar que las circunstancias le hayan privado, con la implantación del Estatuto, de un ascenso muy merecido. Nada más, señor Presidente.

Este dixo:

-Puede retirarse el testigo.

Ao día seguinte, o avogado da Deputación, señor García Vidal, foi declarado cesante. E coidóuselle inimigo do réxime novo, a pesar da extracción conservadora, o seu non partidismo político, os seus prestixios e a súa discreción". (*Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Xerardo Álvarez Gallego, Colección O Fardel da memoria, Edicións A Nosa Terra.)

Efectivamente, García Vidal foi cesado do seu posto na Deputación. Comunicáronllo alí mesmo, cando baixaba as escaleiras tras declarar no Consello de Guerra:

"Cando el declara en favor de Bóveda, xa nas escaleiras da Deputación suspéndeno de emprego e soldo. Nada máis saír de alí, xa na escaleira. E ademais a avoa estaba agardando por el cun coche de alugueiro, xa para marchar. O secretario da Deputación, que era moi amigo del, díxolle: García Vidal, non durma esta noite na casa. E marcharon, xa a avoa tiña as maletas feitas para irse". (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Non pasou nin pola casa. Subiu ao coche que o agardaba na porta da Deputación, coa súa muller dentro, e afastouse de Pontevedra, deixando atrás catro

5 Un sorites é un recurso utilizado en lóxica, complicado de explicar. Podería traducirse, sen moita exactitude, como que unha cousa leva á outra.

6 O Estatuto someteuse a referendo o 28 de xuño de 1936. Polo golpe non chega a ser aprobado nas Cortes pero si admitido a trámite. Foi entregado o 15 de xullo a Diego Martín Barrio, presidente cameral, por unha delegación na que figuraban pontevedreses como Osorio-Tafall, Celestino Poza, Guance Pampín ou Castelao. Esa delegación entrevistouse con Azaña a véspera do golpe, o 17 de xullo.



criaturas pequenas, o menor de sete anos. Marchou para o seu Carballedo natal, pero non para A Braña que lle daba o alcume entre a veciñanza de Cotobade, que a día de hoxe segue referíndose a el como Pepe da Braña, senón para a casa do cura, tal e como lle recomendara Pose, o entón secretario do organismo provincial:

“En Carballedo tiña unha casa pero marchou para a casa do cura. Estivo alí dous días e o cura pasouno a Ourense. Marcharon á casa dunha cuñada da miña avoa, a tía Rita, a muller do seu irmán Jacinto, que daquela aínda vivía. Rita era íntima amiga do bispo e naquel momento -no que a igrexa tiña tanto poder e ela tiña tanta man co bispo que lle chamaban “La obispa”-, quedaron alí como dous meses ata que a el o chaman e dinlle que xa podía volver que non había perigo”.
(Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Aínda así, antes de volver a Pontevedra residen en Carballedo outros dous meses aproximadamente. Durante todo ese tempo, a descendencia, dúas mulleres e dous varóns, queda a cargo dunha irmá de Asunción que era solteira, Carmela, e de María, a muller que durante toda a vida traballou na casa do matrimonio, e que as seguintes xeracións seguen lembrando con total cariño:

“María era un pouco como a súa nai tamén, e como a miña porque non só os criou a eles, tamén me criou a min. Era da nosa familia. Morreu pouco despois que a avoa. Sempre viviu con ela e ao final ata durmían xuntas. María era gordiña, pequena, cunhas gafas moi anchas e un moño atrás. A avoa todo o contrario: alta, delgada, guapa, moi acicalada, feita un pincel, e ía con María a todas partes. Cando mercaba un traxe, todos sabíamos o que ía facer: Deixaba o traxe escollido e dicía que o ía pensar e ía María ver se lle gustaba porque, segundo ela, María tiña un gusto finísimo e sen María ela non se decidía. E María ía sempre imposible! Pero é verdade que tiña moito gusto, así que se a María lle gustaba mercábo e se María lle puña un hmmm... entón non o mercaba. Chegaron a durmir xuntas na mesma habitación pero moito despois de enviivar, xa moi maiores, porque total as dúas durmían mal, ás dúas lles gustaba falar pola noite e, aínda que as habitacións estaban preto, como non escoitaban ben éralles moito máis cómodo”.
(Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Carmen pensa que as crianzas do matrimonio eran demasiado pequenas para darse conta do perigo que estaba correndo o seu pai e, finalmente, tiveron a fortuna de que ninguén volveu molestar a familia, pero iso non podía saberse aquel 13 de xullo no que García Vidal declarou en favor de Bóveda, catro días antes de que o fusilaran, deixando Pontevedra e Galiza sen un dos líderes do nacionalismo. E a pesar de non sabelo, nunca dubidou que o tiña que facer, e así llo dixo a Amalia Álvarez, a muller de Alexandre, cando na véspera do xuízo, embarazada de catro meses, foi á súa casa pregarlle que testificase, temendo que o medo lle fixese non dar un paso que ela agardaba, inutilmente, que servira para salvarlle a vida ao seu marido.

“A véspera do xuízo a súa muller foi á casa pedirlle que declarara por medo a que non fora. Pero el sempre dixo que si ía, que non se ía mover de alí sen ter declarado en favor de Alexandre. Naquel momento Pontevedra era unha cidade



moi pequena, todo o mundo se coñecía, algúns non declararon, algúns marcharon e non é criticable porque era un momento moi complicado, pero el tiña claro que si o ía facer e así o fixo”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

A súa neta está convencida de que así como Amalia pregou polo xesto que cría podía salvarlle a vida ao seu home, Asunción debeulle pregar ao seu que desbotara aquela idea que o puña en perigo:

“Seguramente se é por ela, el non declara, porque era o seu home, era moi conservadora... Non lle chegou a pedir que non o fixera pero estaba preocupada, morta de medo... Tiña un medo tremendo de que lle pasara algo a el. Pasara pouco da sublevación pero xa se sabía que era un momento moi complicado”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

De feito, foi ela quen decidiu marchar nada máis acabar o consello:

“Foi ela a que decidiu, a que organizou, a que marchou... El ao mellor non tivera marchado, aínda que despois do que lle dixo Pose seguramente si (...) Probablemente a véspera de declarar lle caese algún berro porque ela non quería que o fixese. Aínda que ela nunca o dixo, eu que a coñecía penso que lle tivo que rifar porque non debía querer que el testificara. Debía querer marchar antes. E despois de declarar xa o estaba agardando ela. Ela non puido con el pero unha vez que xa tal... Adeus!”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

A pesar do temor lóxico, Asunción falou con orgullo do proceder do seu home:

“Ela tiña grande admiración por el. Admirábao moito. Admiraba a súa declaración, a súa forma de ser, a súa integridade”. (Carmen García, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Foi un tema do que non se falou demasiado na casa. Cando volveron de Carballedo, seguiron coa súa vida normal. García Vidal púxose a traballar en Vigo, adaptouse ao réxime e nunca faláron diso. Morreu cando a súa neta tiña 14 anos.

“Non era contrario ao réxime. Tampouco favorable. Adaptouse e xa está. Non era un home político, era un xurista, o único que quería era a tranquilidade do seu contorno, da súa cidade, das súas amizades. Era un home extraordinariamente bo e extraordinariamente intelixente”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

A súa neta foi consciente do que lle pasara ao seu avó cando, xa finado el, chegaron de Arxentina dous exemplares do libro de Álvarez Gallego:

“En vida do avó nunca se tocou ese tema. Tocouse despois. Súbeno cando trouxeron á casa de Arxentina o libro *Vida, pasión y muerte* de Alexandre Bóveda. Era dunha editorial arxentina e trouxérono *de extranjis*”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Foi aí cando Carmen coñeceu os pormenores do que fixera García Vidal e tamén cando coñeceu a admiración que iso provocara na súa muller.



“Pode que escoitara antes algún comentario pero consciente fun aí. Realmente cando empezou a contarse a historia na casa non foi en vida do avó, foi cando apareceu o libro. E líanolo ela, e facía fincapé no bo que fora, no que fixera, “non como outros que marcharon”, dicía... pero xa che digo eu que se non chega a declarar ela encantada, marcha con el feliz. Pero el non quixo. E cando chegou o libro, a miña avoa líanolo. Todo o mundo o lía, os tíos...”. (Carmen Fernández, neta de Asunción Sáenz-Díez.)

Era para sentirse orgullosos. No peor dos momentos, García Vidal fixo o que cría xusto, o que non se lle podía esixir, o que se entendería que non quixera facer e, precisamente por iso, o seu acto é digno de toda gabanza tamén agora, cando a distancia co tempo do medo fai máis doado xulgar. Mesmo así. Cando sabemos o que non pasou pero tamén as moitas atrocidades que puideron pasar.

Bibliografía

- Álvarez Gallego, X. (1972): *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*. Vigo, Edicións A Nosa Terra.
- Barcia Lago, M. (2000): *Castelao: expediente de responsabilidades políticas. Estudio introdutorio: O colexio de avogados de Pontevedra no decurso histórico do galeguismo*. Pontevedra: Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra.
- Etxaniz Makazaga, J. M. (2004): *Cruz Gallastegui Unamuno. Un veterinario guipuzcoano en Galicia 1891-1960*. Boletín de la Real Sociedad Bascongada de Amigos del País, ISSN 0211-111X, Tomo 60, Nº 1, pp. 223-257.
- Fortes, X. E outros (2015): *Terra de Cotobade*. Editorial Guiverny.
- Lamela García, L. (1993): *Inmolados Gallegos: Alexandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro...* A Coruña, Edicións do Castro.
- Web da Deputación de Pontevedra: <https://www.depo.gal/>